

O nacionalismo a exame

Nas nacións sen Estado, o nacionalismo político, aquel que afirma a existencia da nación como suxeito léxítimo de soberanía, pode ir precedido —como acontece no caso galego— de fenómenos precursores (provincialismo, rexionalismo...) no ideolóxico, no organizativo e mesmo na mobilización social. Tales formulacións, que non son estrictamente nacionalistas, pois non reclaman a soberanía, poden durar moito e non teñen por que conducir necesariamente a un “nacionalismo”. En todo caso, faise necesario coñecerlos para así entender mellor o nacionalismo propiamente dito. E dado que, agás no punto crucial da soberanía, teñen un carácter similar, o seu estudo débese realizar utilizando o mesmo tipo de conceptos e de modelos analíticos.

Desde as primeiras manifestacións proto-nacionalistas do século XVIII, o Prf. Beramendi leva adiante unha análise sistemática do pensamento galeguista que, partindo das orixes, se espalla até a década dos anos vinte do século

O AUTOR SABE
MESTURAR
CON ACERTO A
PAIXÓN E MAIS
O NECESARIO
RIGOR CIENTÍFICO

pasado coa aparición do nacionalismo político como tal. Para acadar este fin, o volume organízase nunha introdución —onde o noso autor explica, brevemente, os principios teóricos e o modelo analítico aplicados— e tres capítulos dedicados, respectivamente, ás tres fases evolutivas do galeguismo de anteguerra: provincialismo, rexionalismo e primeiro nacionalismo. Finalmente, o estudo recolle, nun epílogo, unha primeira achega ao nacionalismo galego da segunda metade do século XX, prestando especial atención ao BNG, ao galeguismo de centro e aos grupos independentistas. Es-

Historia do galeguismo político



XOSÉ A. LÓPEZ
TEIXEIRA

ta estrutura básica complementábase con apartados relativos á situación da política española, dentro da cal amosa especial atención á evolución doutros nacionalismos e rexionalismos do Estado.

Como especialista na historia das ideas, incorpora Beramendi ao estudo das distintas fases do galeguismo decimonónico e o na-

papel histórico dos nacionalismos, nomeadamente no século XX, mediante a extrapolación da natureza reaccionaria dunha parte á caracterización do todo. Daquela, no seu discurso histórico-ideolóxico o Prf. Beramendi mestura, nunha acertada miscelánea, paixón e rigor científico a partes iguais, ofrecendo argumentos para que sexamos críticos coa nosa Historia e xulguemos o pasado non coa mentalidade actual senón coa dos nosos antecesores.

Estamos, pois, diante da primeira historia sistemática do galeguismo, desde as orixes á Guerra Civil, que, sen dúbida, será fundamental para comprendermos a rea-



cionalismo do pasado século modelos analíticos propios, que implican unha notable innovación metodolóxica no ámbito das ciencias sociais. E é así que o noso autor se interesa polo diálogo arreo entre a práctica política nacionalista e a vinculación desta coas ideas e co pobo galego que fundan esta relación, que a leximan e que a ordenan. De aí a súa reacción parante a propensión actual dalgúns sectores da crítica a facer unha valoración globalmente negativa do

lidade social e política deste país, mesmo desde cadrantes actuais. Un libro imprescindible, xa que logo, para todos aqueles interesados na evolución dos movementos sociais e as claves do nacemento, persistencia e limitacións do nacionalismo galego no delongado percorrido histórico de seu.

BERAMENDI, Justo, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 1244 páxinas.